



## Amigos da Terra

r/ Capitán Eloi 20, 2º esquerda. 32003 Ourense

tel: 34 988 374318. fax: 34 988 511020.

e-mail: info@amigosdaterra.net. CIF: G-322424222

## Introdución

Solicitamos un **PMUS** (*Plano de Mobilidade Urbana Sostible*) para Santiago de Compostela, porque é o **instrumento básico para configurar as estratexias de mobilidade sostible no municipio** e porque **ten carácter obrigatorio para os municipios que deben prestar o servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros**, como é o caso do Concello de Santiago de Compostela.

## Como queremos que se realice?

- A iniciativa de elaborar e aprobar o PMUS corresponderíalle ao Concello, adecuando o seu contido aos criterios e orientacións establecidos nos plans directores de mobilidade no seu ámbito, ou específicos se os houbera.
- O PMUS debería conter unha diagnose da situación, obxectivos a acadar, medidas a adoptar, mecanismos de financiamento e programa de inversións.
- Na elaboración do PMUS tería que estar garantida a participación do *Consello Territorial da Mobilidade* que neste caso, se fora necesario debería crearse. A participación dos organismos, entidades e sectores sociais vencellados á mobilidade e ao medio ambiente.
- Tería revisión cada seis anos.

## Por que este é o momento apropiado?

O desenvolvemento dun plano de mobilidade sostible completo e global para a cidade necesita dunha boa planificación ademais de tempo para a súa posta en marcha e a obtención de resultados.

A mellora das infraestruturas do transporte público urbano é unha tendencia a nivel estatal e europeo. A maioría das cidades xa están realizando melloras na rede urbana de autobuses, xeneralizando o carril de bus e o carril de bici, implantando o tranvía, etc. Se durante esta lexislatura non se segue esta tendencia, será percibido como unha demora para a cidade e un abandono aos problemas cotiás da poboación.

A preocupación cidadá pola saúde, a calidade de vida e o cambio climático están á orde do día. Debe aproveitarse esta predisposición da opinión pública á aceptación de cambios substanciais en beneficio dunha mellora a longo prazo. Tamén existe boa predisposición por parte de asociacións e colectivos para se incorporar no proceso de desenvolvemento do devandito plano.

## Por que debe ser un plano “global”?

O Concello debe asumir e transmitir á poboación que o transporte rodado é a principal causa de contaminación atmosférica na cidade de Santiago e polo tanto un factor de risco



## Amigos da Terra

r/ Capitán Eloi 20, 2º esquerda. 32003 Ourense

tel: 34 988 374318. fax: 34 988 511020.

e-mail: info@amigosdaterra.net. CIF: G-322424222

para a saúde das persoas. Un plano de mobilidade urbano sostible á escala de cidade é imprescindible. De facerse de forma parcial non se obterían os resultados desexados e o plano non sería o suficientemente visible para ser apreciado como unha mellora substancial e positiva do día a día da poboación.

## Cales son as áreas que consideramos importantes?

Dentro deste plano de mobilidade deberían integrarse:

- Un estudo de mobilidade na cidade de Santiago de Compostela. Número de coches por rúa e por hora, uso segundo idades, hora do día, etc. para adaptar realmente a oferta á demanda.
- Unha campaña de sensibilización destinada a concienciar aos usuarios do transporte privado, de que é un medio máis caro, contaminante e perigoso que o transporte público.
- Unha Campaña “*A administración como exemplo para a cidadanía*”: campaña de sensibilización do persoal que traballa nas institucións públicas (Concello, colexios...), para fomentar o uso do transporte público e compartir vehículo para traballadores que vivan na mesma zona.
- A definición de tres áreas principais de traballo

-*Curta distancia*: Ata 5 ou 7 km. onde elixiríamos a bicicleta como o vehículo máis eficaz. Temos o exemplo de cidades europeas con peor tempo e orografía. As medidas prioritarias a tomar neste senso por orde de importancia serían:

- Incremento do espazo na rúa para as bicicletas: carril bici e aparcamentos.
- Máis promoción do uso da bicicleta como transporte.
- Sistema de bicicletas público e outras políticas de mobilidade.

-*Media distancia*: Dentro do perímetro urbano, ata 10-15 km.

-*Longa distancia*: Interurbana, entre cidades

## Que pode aportar o Grupo de Mobilidade de Amigos da Terra?

O grupo de Mobilidade de Amigos da Terra está composto por persoas que poderían colaborar e asesorar de forma puntual ao equipo técnico do concello. Temos ideas concretas para mellorar o transporte público nas tres áreas anteriormente definidas (curta, media e longa distancia) e tamén poderíamos axudar na preparación e desenvolvemento de campañas de sensibilización.



**Amigos da Terra**

r/ Capitán Eloi 20, 2º esquerda. 32003 Ourense

tel: 34 988 374318. fax: 34 988 511020.

e-mail: info@amigosdaterra.net. CIF: G-322424222

**Estas son as propostas para Santiago de Compostela que Amigos da Terra recolleu logo de preguntarlle á cidadanía.**

1. Transporte público máis eficiente. Mellorar o servizo de transporte público urbano e de contorna.
  - Estudar as necesidades de mobilidade dos colectivos cidadáns e establecer as liñas regulares, ou percorridos de transporte de pasaxeiros que mellor se adapten ás mesmas.
  - Maior frecuencia de paso dos autobuses
  - Maior número de liñas de autobuses
  - Implantación do tren de contorna
  - Billete único de transporte intermodal.
2. Estudar a posibilidade de implantar algunha liña de tranvía. Por exemplo unha liña que una a Estación de Autobuses coa Estación de Tren e, se fose posible con nodo no Mercado de Abastos.
  - Estudar así mesmo a posibilidade de ofrecer o servizo de tranvía gratuíto.
3. Incentivar á cidadanía a empregar máis o transporte público, por exemplo:
  - Premiando aos usuarios con bonos regalo ou viaxes de balde.
  - Con billetes de autobús e tren máis baratos para todos, non só para os estudantes ou os xubilados, senón tamén para os traballadores en activo, as amas de casa que van buscar aos rapaces ao colexio...
4. Converter a “uso exclusivo para os peóns” as áreas da cidade con maior afluencia de viandantes, que polas súas características fagan incómoda a simultaneidade de usuarios motorizados e peóns. Por exemplo: casco vello, San Pedro, Hortas, Rúa do Medio, Virxe da Cerca e arredores do casco vello...
5. Aparcamento fora do centro urbano. Automóbiles fora do casco urbano.
6. Promoción do uso da bicicleta como medio de transporte alternativo:
  - Carrís para bicicletas. Compromiso de crear cun período de tempo determinado, unha rede de “carril bici” que conecte aqueles puntos de interese con maior potencial de usuarios. Establecer un seguimento e mantemento dos mesmos.
  - Aluguer itinerante para bicicletas: establecer diversos puntos de aluguer de bicicletas na cidade, e na súa área de influencia, que complementen a antedita rede.
  - Creación de aparcadoiros para bicicletas (case inexistentes hoxe en día na cidade de Compostela)



**Amigos da Terra**

r/ Capitán Eloi 20, 2º esquerda. 32003 Ourense

tel: 34 988 374318. fax: 34 988 511020.

e-mail: info@amigosdaterra.net. CIF: G-322424222

- Creación de campañas para concienciar ao resto de usuarios da vía pública da importancia e dos dereitos dos ciclo-usuarios. Promover o respecto e pular pola seguridade dos ciclo-usuarios na vía pública.
  - Rutas en bicicleta ao redor da cidade, rutas monumentais e de exaltación da natureza, corredoiros ecolóxicos da cidade de Compostela.
7. Cortar o tráfico en zonas como Virxe da Cerca, así coma nos arredores do casco vello, provoca a necesidade de elaborar alternativas ao tráfico e a suxerir un novo modelo de mobilidade na cidade. Esta actuación podería servir de premisa para deseñar e planificar este novo modelo de mobilidade, con ideas de vangarda e comprometidas coa calidade de vida do cidadán e a sustentabilidade do medio.
8. Campañas informativas e de promoción da sustentabilidade nas cidades, xa adoptadas por persoas físicas ou xurídicas e organismos públicos do estado español e doutros países da Comunidade Europea:
- “car sharing”: potenciar o contacto entre a xente para compartir o uso do seu automóbil con outras persoas que necesiten o servizo: compañeiros de traballo, estudantes, operarios e traballadores...
  - “car pooling”: aluguer de vehículos privados que por un prezo moi accesible, poden dar servizo a varias persoas nun mesmo día e incluso ao mesmo tempo, se este aluguer fora compartido. Necesitaríase dun espazo para o estacionamento dos vehículos, a interacción dos interesados beneficiarios deste servizo, e un taboleiro de horarios; así mesmo faría falta unha persoa que coordinase dito servizo.

(Información sobre “car sharing” en Cataluña: <http://www.catalunyacarsharing.com> )

(Artigo en Galicia-Hoxe sobre “car pooling”: [http://www.galicia-hoxe.com/index\\_2.php?idNoticia=51859](http://www.galicia-hoxe.com/index_2.php?idNoticia=51859) )

9. Realización dun Plan Integral de Mobilidade Sostible na área de influencia de Santiago de Compostela.

Partindo de todas as premisas expostas nos puntos anteriores sería conveniente realizar o devandito estudo de mobilidade, onde partindo da situación actual, se identifiquen os problemas afrontados polo Concello, as necesidades dos cidadáns en termos de mobilidade, se consulte aos organismos competentes en materia de mobilidade, calidade do aire, entre outros; e se realice unha fase de participación pública onde se integren as opinións dos colectivos cidadáns máis representativos.

---

*Nuria Alonso, Raquel Vázquez, Darija Czibulkova, Antonio Palma*  
**AMIGOS DA TERRA, grupo local Compostela**  
981888363 - 620955479